



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O **CONCELLO DE VALGA**, DE CARA A INSTRUMENTAR A COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ATENCIÓN DIARIA DIRIXIDAS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE E/OU EN EXCLUSIÓN SOCIAL, NO EXERCICIO 2019

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que esta Consellería de Política Social ten previsto formalizar co Concello de Valga o instrumento convencional arriba referido. O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 10 de decembro de 2019. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio dende o 1 de xaneiro de 2019 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das actuacións que o Concello de Valga ten previsto desenvolver durante o ano 2019, de cara á realización de programas e actividades dirixidos á atención de persoas con discapacidade, así como de promoción da autonomía persoal das persoas maiores residentes nese concello, mediante unha concesión de forma directa en base aos artigos 19.4,c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño. As actuacións que se subvencionarán no marco deste convenio son:

- Actividades de atención diaria dirixidas a persoas adultas con discapacidade:

- Servicio de transporte
- Taller de agricultura sen pesticidas
- Taller de reciclaxe de RAESS
- Obradoiro de estimulación/formación
- Taller de arteterapia
- Taller de informática





- Taller de musicoterapia
- Taller de itinerarios personalizados de inserción
- Outras actividades puntuais
- Actividades de atención dirixidas a menores con necesidades educativas especiais:
 - Aula de reforzo educativo
 - Aula de logopedia
 - Informática

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Segundo o Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, esta é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía de Galicia e coa Constitución Española, propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar, que engloban, entre outras as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención aos discapacitados e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

Con carácter específico, corresponden, entre outras, á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, a elaboración das propostas para a formulación das políticas dirixidas ás persoas maiores e persoas con discapacidade da Consellería de Política Social en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores e persoas con discapacidade na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.





De conformidade co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, e na lexislación de aplicación sobre réxime local, corresponden aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a. A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.
- b. A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59, punto i, da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- c. A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.
- d. A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.
- e. A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.
- f. A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade coo previsto no artigo 48 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- g. A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.
- h. O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.
- i. A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.
- j. A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.





- k. Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente

Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, os concellos de Galicia poden crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

A Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

O carácter singular deste convenio en base ás razóns que acreditan o interese social do mesmo, radican no análise das circunstancias demográficas deste concello, da cobertura de servizos sociais públicos actuais e da estimación da poboación maior dependente que demandará un servizo asistencial. Así o Concello de Valga actualmente conta con 5.927 habitantes, dos cales 1.303 son persoas maiores de 64 anos (21,98% da poboación) e non conta con cobertura pública de ningún equipamento de atención a persoas maiores en situación de dependencia por parte da Xunta de Galicia, máis alá do programa dun centro sociocomunitario. Polo tanto tendo en conta as circunstancias particulares deste concello e a que a situación económica actual non posibilita a cobertura das prazas de atención necesaria segundo os estudos técnicos, artículase este convenio de colaboración de cara a fomentar a realización de programas e actividades dirixidos á atención de persoas en situación de dependencia, de prevención da situación de dependencia e do agravamento desta, así como de promoción da autonomía persoal das persoas maiores residentes nese concello e co obxectivo de mitigar no futuro as necesidades de atención residencial que se estiman. Todo elo xustifica a dificultade da súa convocatoria pública e o seu carácter singular.

En relación ás razóns que motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos artigos 19.4,c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, radica





na particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve estes programas que é o Concello de Valga. Así o artigo 64 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, prevé que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

Os servizos sociais comunitarios específicos, competencia das entidades locais, desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado. Sen prexuízo da súa dedicación a colectivos con problemáticas concretas, os servizos sociais comunitarios específicos actuarán, en tanto que servizos de proximidade, na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida (art. 25 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento).

Polo tanto a dificultade da súa convocatoria pública radica en que, en tanto que servizos de proximidade que deberán de actuar na contorna vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida, deben de ser prestados pola entidade local competente, neste caso o Consello de Valga, e a colaboración da Xunta de Galicia neste aspecto se basea na propia Lei de servizos sociais de Galicia que incide especificamente na cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración de cara á elaboración de accións ou programas conxuntos no eido da atención ás persoas maiores, especialmente na atención á dependencia, no fomento da autonomía persoal, na prevención da situación de dependencia e no agravamento desta.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. Así mesmo estase o cumprir as condicións establecidas no artigo 6.1. da Lei 9/2017, do 13 de xuño.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela

